**IES Río Miño**

# Matrícula en liña

## Instrucións de axuda para as familias

# Índice

**1. Introdución** …… 3

**2. Aplicativo para a formalización de matrícula en liña** …… 3

**3. Prazos para a formalización de matrícula en liña** …… 3

**4. Alumnado destinatario da matrícula en liña** …… 3

**5. Procedemento das familias para a matrícula en liña** …… 3

a) Acceso a Admisión Alumnado (sen autenticarse) …… 4
b) Acceso a Admisión Alumnado (despois de autenticarse) …… 4
c) Inicio da matrícula en liña …… 5
d) Recollida de datos …… 7
e) Finalizar a formalización da matrícula en liña …… 11

# 1. Introdución

Este documento ten como obxectivo guiar ás familias sobre o procedemento de matrícula en liña.

No curso 2025/2026, o procedemento de matrícula en liña permitirá ás familias formalizar a matrícula sen desprazarse ao centro educativo a través dunha nova fórmula que convivirá cos trámites presenciais para aqueles que o desexen.

# 2. Aplicativo para a formalización de matrícula en liña

A matrícula en liña poderá realizarse desde un dispositivo móbil ou desde unha computadora empregando o aplicativo *Admisión Alumnado* - https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado.

Será necesario **autenticarse con certificado dixital ou Chave 365**.

O alumnado destinatario que estivo escolarizado no curso 2024/25 no sistema educativo galego recibirá unha ligazón de acceso a *Admisión Alumnado* na aplicación Abalar Móbil.

# 3. Prazos para a formalización da matrícula en liña

O aplicativo estará dispoñible para a formalización de matrícula en liña nos seguintes prazos:

– Educación secundaria obrigatoria e bacharelato: do 23 de xuño ao 26 de xuño.

# 4. Alumnado destinatario da matrícula en liña

Poderá formalizar a matrícula en liña:

- Alumnado con praza asignada que participou no procedemento de admisión ordinario para o curso 2025/26 para entrar no sistema educativo, en 4º de Educación Infantil ou 1º de Educación Primaria.
- Alumnado con praza asignada que participou no procedemento de admisión ordinario para o curso 2025/26 para cambiar voluntariamente de centro.
- Alumnado con praza reservada que inicia etapa educativa nun centro e proceda dun centro adscrito.
- Alumnado que vaia cursar calquera curso das ensinanzas de ESO ou Bacharelato no curso 2025/26.

Nos demais casos de cambio de etapa ou curso en Educación Infantil e Educación Primaria sen cambio de centro non é necesario presentar formulario de matrícula.

# 5. Procedemento das familias para a matrícula en liña

En cada un dos apartados deste punto amosaranse as imaxes das dúas versións ou vistas do procedemento de matrícula en liña: desde unha computadora e desde un dispositivo móbil.

### a) Acceso a Admisión Alumnado (sen autenticarse)

Vista da computadora:




Vista do móbil:




## b) Acceso a Admisión Alumnado (despois de autenticarse)

Vista da computadora:




Vista do móbil:




## c) Inicio da matrícula en liña

Para iniciar o procedemento de matrícula en liña, existen dúas opcións:

- **1. Alumnado destinatario que participou no procedemento de admisión 2025/26 e ten praza asignada**: Empregar o menú *2.6 As miñas solicitudes* e premer na opción dispoñible *Matricular* para xerar a matrícula.

Vista da computadora:




Vista do móbil:




- **2. Alumnado destinatario que non participou no procedemento de admisión 2025/26:** Empregar a opción *2.4.1 Crear (2.4 Matricula >> 2.4.1 Crear)*.

  No apartado observacións aparecerá información relativa á permanencia da alumna/o no centro. Os dous tipos de avisos que poden aparecer son:

  - *A alumna/o renunciou a súa permanencia.*
  - *A alumna/o perdeu a súa permanencia.*

Vista da computadora:




Vista do móbil:



### d) Recollida de datos

Unha vez iniciada a matrícula en liña, deben cubrirse os datos da pantalla seguinte. Todas as solicitudes recollerán:

- **Datos da persoa solicitante e datos da persoa proxenitora ou acolledora, de ser o caso.** De ser preciso, o enderezo pode actualizarse neste apartado desta pantalla.
- **Datos da alumna/o.**
- **Centro docente e curso.**
- **Servizos complementarios**. Servizo de transporte escolar. Debe responderse SI ou NON e no caso de indicar SI para o transporte escolar, indicar a parada.

Vista da computadora:




Vista do móbil:



**Datos en función do curso no que se matricula o alumnado**

– **1º e 2º da ESO**: debe seleccionarse:
  - entre Proxecto Competencial ou ensinanzas relixiosas
  - idioma das materias 1ª Lingua Estranxeira e 2ª Lingua Estranxeira

– **3º da ESO e 3º ESO-PDC**: debe seleccionarse:
  - entre Proxecto Competencial ou ensinanzas relixiosas
  - entre matemáticas bilingüe ou matemáticas non bilingüe
  - 1 materia optativa (poderá indicar ata 5 materias optativas ordenadas por preferencia empregando números desde o 1)
  - no caso de que o centro oferte 2ª Lingua Estranxeira como optativa, tamén seleccionarase o idioma

– **4º da ESO**: debe seleccionarse entre as opcións que se indican no seguinte cadro:

| MATERIAS (ITINERARIO 1 e 2) | | MATERIAS (ITINERARIO 3) | |
|---|---|---|---|
| ■ Lingua Castelá e Literatura<br>■ Lingua Galega e Literatura<br>■ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés<br>■ Xeografía e Historia<br>■ Educación Física<br>○ Relixión Católica ○ Proxecto competencial | | ■ Lingua Castelá e Literatura<br>■ Lingua Galega e Literatura<br>■ 1ª Lingua Estranxeira: Inglés<br>■ Matemáticas A<br>■ Xeografía e Historia<br>■ Educación Física<br>○ Relixión Católica ○ Proxecto competencial | |
| ○ ITINERARIO 1 | ○ ITINERARIO 2 | ○ ITINERARIO 3 | |
| ■ Matemáticas B<br>○ Bilingüe ○ Non Bilingüe<br>■ Bioloxía e Xeoloxía<br>■ Física e Química | ■ Matemáticas: ○ A ○ B<br>■ Latín<br>■ Economía e emprend. | ■ Economía e emprendemento<br>■ Formación e Orientación Persoal e Profesional | |
| MATERIAS OPTATIVAS<br>(elixir 1 de cada columna ou 2 da primeira columna) | | MATERIAS OPTATIVAS<br>(elixir 1 de cada columna ou 2 da primeira columna) | |
| ☐ Música<br>☐ Dixitalización<br>☐ Expresión artística<br>☐ 2ª Lingua Estr.: Francés<br>☐ Tecnoloxía<br>☐ Formación e Orientación Persoal e Profesional | ☐ Intelixencia Artificial<br>☐ Filosofía<br>☐ Oratoria *<br>☐ Cultura Clásica *<br>* Se non foron cursadas en 3º ESO | ☐ Música<br>☐ Dixitalización<br>☐ Expresión artística<br>☐ 2ª Lingua Estr.: Francés<br>☐ Tecnoloxía | ☐ Intelixencia Artificial<br>☐ Filosofía<br>☐ Oratoria *<br>☐ Cultura Clásica *<br>* Se non foron cursadas en 3º ESO<br>**1 de 2 (ver reverso)** |

– **4º ESO-PDC**: debe seleccionarse entre as opcións que se indican no seguinte cadro:

| MATERIAS |
|---|
| ■ Ámbito Científico e Matemático<br>■ Ámbito Lingüístico e Social<br>■ Educación Física<br>◯ Relixión Católica ◯ Proxecto competencial |
| **MATERIAS OPTATIVAS (elixir 2)** |
| ☐ Dixitalización (non bilingüe)<br>☐ Intelixencia Artificial<br>☐ Música<br>☐ Expresión artística<br>☐ Tecnoloxía |

– **1º de Bacharelato**: debe seleccionarse entre as opcións que se indican no seguinte cadro:

| ◯ CIENCIA E TECNOLOXÍA | ◯ HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS |
|---|---|
| ■ Lingua Castelá e Literatura I<br>■ Lingua Galega e Literatura I<br>■ 1ª Lingua Est. I: ◯ Inglés ◯ Francés<br>■ Filosofía<br>■ Educación Física<br>◯ Relixión ◯ Disposición de centro | ■ Lingua Castelá e Literatura I<br>■ Lingua Galega e Literatura I<br>■ 1ª Lingua Est. I: ◯ Inglés ◯ Francés<br>■ Filosofía<br>■ Educación Física<br>◯ Relixión ◯ Disposición de centro |
| **MATERIA DE MODALIDADE** | **MATERIAS DE MODALIDADE (elixir 1)** |
| ■ Matemáticas I | ◯ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I<br>◯ Latín I |
| **MATERIAS DE MODALIDADE (elixir 2)** | **MATERIAS DE MODALIDADE (elixir 2)** |
| ☐ Bioloxía e Xeoloxía e Ciencias Ambientais<br>☐ Tecnoloxía e Enxeñería I<br>☐ Debuxo Técnico I<br>☐ Física e Química | ☐ Grego I<br>☐ Economía<br>☐ Historia do Mundo Contemporáneo<br>☐ Literatura Universal<br>◯ Latín I ◯ Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I<br>(Non elixir a mesma que no bloque anterior) |

| OPTATIVAS (numerar do 1 ao 5 por orde de preferencia) | | |
|---|---|---|
| ☐ Anatomía Aplicada<br>☐ Antropoloxía<br>☐ Coro e técnica vocal | ☐ Cultura Científica<br>☐ Linguaxe e práctica musical<br>☐ Literatura Galega do S. XX e a Actualidade | ☐ TIC I ◯ Bilingüe ◯ Non bilingüe<br>☐ Tecnoloxías intelixentes<br>☐ 2ª Lingua Est. I: Francés |
| ☐ Unha materia de modalidade non cursada (indicar) ________ | | |

– **2º de Bacharelato**: debe seleccionarse entre as opcións que se indican no seguinte cadro:

| ☐ CIENCIAS E TECNOLOXÍA | ☐ HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS |
|---|---|
| ■ Lingua Castelá e Literatura II<br>■ Lingua Galega e Literatura II<br>■ 1ª Lingua Est. II: Inglés<br>■ Historia de España<br>■ Historia da Filosofía<br>○ Relixión Católica ○ Disposición de centro | ■ Lingua Castelá e Literatura II<br>■ Lingua Galega e Literatura II<br>■ 1ª Lingua Est. II: Inglés<br>■ Historia de España<br>■ Historia da Filosofía<br>○ Relixión Católica ○ Disposición de centro |
| **MATERIAS OBRIGATORIAS (elixir 1)** | **MATERIAS OBRIGATORIAS (elixir 1)** |
| ○ Matemáticas II<br>○ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II | ○ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II<br>○ Latín II |
| **MATERIAS DE OPCIÓN (elixir 2)** | **MATERIAS DE OPCIÓN (elixir 2)** |
| ☐ Bioloxía<br>☐ Xeoloxía e Ciencias Ambientais<br>☐ Debuxo Técnico II<br>☐ Física<br>☐ Química<br>☐ Tecnoloxía e Enxeñería II | ☐ Grego II<br>☐ Empresa e Deseño de Modelos de Negocio<br>☐ Xeografía<br>☐ Historia da Arte<br>○ Latín II ○ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II<br>**(Non elixir a mesma que no bloque anterior)** |
| **OPTATIVAS AUTONÓMICAS (numera do 1 ao 4 por orde de preferencia)** | |
| ☐ Métodos Estatísticos e Numéricos<br>☐ Psicoloxía<br>☐ Xª, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia | ☐ Hª da Música e da Danza<br>☐ TIC II ○ Bilingüe ○ Non Bilingüe<br>☐ 2ª Lingua Est. II: Francés |
| ☐ Unha materia de modalidade non cursada (indicar) | |

# OUTRAS CONSIDERACIÓNS DE INTERESE

Vista da computadora:




Vista do móbil:






- **Documentación que se achega:** Ademais da solicitude de matrícula achegarase a seguinte documentación:
    - 1 foto carnet
    - Fotocopia DNI
    - Copia da sentenza de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
    - Informe médico (se o alumnado tivera algunha enfermidade que deba ser coñecida polo centro)
    - Modelo de autorización para o uso de imaxes polo centro educavito (actividades non docentes) http://www.iesriomino.gal/matricula/l.html
    - Modelo de autorización de saídas http://www.iesriomino.gal/matricula/l.html
    - Modelo de autorización de saídas no lecer (Bacharelato) http://www.iesriomino.gal/matricula/l.html

A documentación debe axuntarse a través da ligazón *Achegar Documento (*arquivos con formato *pdf, png, gif, jpeg* e cun peso máximo de 5 MB).

Vista da computadora:




Vista do móbil:




A obrigatoriedade de entregar un documento non impide finalizar a formalización da matrícula.

Os documentos pendentes poderán entregarse no prazo establecido para a formalización da matrícula en liña a través da mesma aplicación ou, unha vez rematado o prazo de matrícula, soamente poderán achegarse de forma presencial.

## e) Finalizar a formalización da matrícula en liña

Para finalizar o procedemento de matrícula en liña deberase premer no botón *Crear*.

No caso de querer un xustificante da Solicitude de Admisión poderase obter dende a pantalla *2.6 As miñas solicitudes* premendo na opción *Resgardo Sol. Admisión*.

Vista da computadora:




Vista do móbil:


AdmisionAlumnado
As miñas solicitudes
Na seguinte listaxe vostede pode ver as solicitudes que presentou, o centro onde foi tramitada e o estado no que se atopa.
Se a solicitude está en estado Asignada, pero na listaxe definitiva vostede non tivo praza no centro que indicou como primeira opción, a asignación foi realizada por parte da comisión de escolarización, deberá recibir notificación ao respecto.
Solicitude:
Probas , Alumno
36013758-IES Laxeiro
3º Ensinanza secundaria obrigatoria
Asignada provisionalmente
Opcións
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL
Se a solicitude está en estado Asignada, pero na listaxe definitiva vostede non tivo praza no centro que indicou como primeira opción, a asignación foi realizada por parte da comisión de escolarización, deberá recibir notificación ao respecto.
Solicitude:
Probas , Alumno
36013758-IES Laxeiro
3º Ensinanza secundaria obrigatoria
Asignada provisionalmente
Opcións
Resgardo Sol. Admisión
Matricular
Xerar Listado Admitidos
Rexistrar Matricula
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL